



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de xuño de 2023 (1498/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día trinta de xuño de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A concelleira D^a M^a José Caride Estévez incorpórase á sesión ás nove horas e oito minutos, ao comezo dos asuntos urxentes incluídos fóra da orde do día.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(510).- APROBACIÓN ACTAS: Apróbanse as actas das sesións extraordinarias e urxentes do 19, 20, 22, 23 e 26 de xuño de 2023 e ordinaria do 23 de xuño de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(511).- ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA SOPORTE DE ESPECTÁCULOS DE PEQUENO FORMATO, CONCERTOS NO AUDITORIO DE CASTRELOS, ORGANIZACIÓN DO SISTEMA DE ENTRADAS E

CATERING PARA EVENTOS DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS” (LOTE 1). EXPTE. 9660/335.

Visto o informe de fiscalización do 16/06/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa “Vigo en festas” (9660-335) (Lote 1)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa “Vigo en festas” (9660-335) (lote 1)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de maio de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos e espectáculos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e cátering para eventos do programa “Vigo en Festas”.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 18 de abril de 2023 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 4 de maio de 2023 redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 817.390,98 euros, sendo o valor estimado do contrato de 675.529,74 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 “FESTAS DE VIGO” do programa orzamentario de Festas , sendo a distribución por anualidades de (con IVE) é a seguinte:



Concello de Vigo

- 2023: 669.839,38 euros
- 2024: 147.551,60 euros

Detalle por lotes:

- Lote 1: Ano 2023: 134.102,58 € (80% tipoloxía I + 100% tipoloxía II)
Ano 2024: 145.095,30 € (20% tipoloxía I + 100% tipoloxía III)
- Lote 2: Ano 2023 - 488.862,46 €
- Lote 3: Ano 2023 - 34.241,94 €
- Lote 4: Ano 2023: 12.632,40 € (80% de tipoloxía I e 100% tipoloxía II)
Ano 2024: 2.456,30 € (20% de tipoloxía I e 100% tipoloxía III)

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 1 de xuño de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 1 de xuño de 2023 dos seguintes licitadores:

- SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 2): por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no PCAP
- FUNDACION GALICIA OBRA SOCIAL (lote 3): polo motivo previsto na cláusula 14.2B do PCAP (“A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC”).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 do procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa “Vigo en festas” (9.660-335) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 “Produción técnica soporte de actividades e espectáculos de pequeno formato en diferentes localizacións”

Orde	Licitador	Puntuación total
1º	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	86,00 puntos
2º	FLUGE GALICIA, S.L.	52,45 puntos

- Lote 2 “Produción técnica soporte de espectáculos no Auditorio de Castrelos”

	Licitador	Puntuación total
1	FLUGE GALICIA, S.L.	94,00 puntos

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (B-27.793.728) (lote 1) e FLUGE GALICIA, S.L. (B-87.037.883) (lote 2), para que presente, no prazo de dez días hábiles , a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), agás a documentación acreditativa da habilitación profesional que xa foi presentada no Sobre A.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada, o día 1 de xuño de 2023, aos licitadores clasificados en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 1) e FLUGE GALICIA, S.L. (lote 2) que presentan a documentación, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 1) os días 12 e 13 de xuño de 2023 e FLUGE GALICIA, S.L. os días 6, 7, 9, 12 e 13 xuño de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- Realizada a revisión da documentación a Mesa constatou, con respecto á solvencia técnica presentada por SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U., que a mesma declara servizos prestados a este Concello, entre outros, no servizo xestor do presente procedemento. En vista do anterior, en base á cláusula 8.8.3º do PCAP e ao artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Mesa acorda por unanimidade solicitar informe sobre os devanditos servizos ao Servizo de Festas.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de xuño de 2023 revisou a documentación presentada, e sendo correcta, acorda por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do lote 1 deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U., para o lote 1, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Concello de Vigo

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 1), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 29 de maio e 1 de xuño de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (B-27.793.728) o lote 1 “Producción técnica soporte de actividades e espectáculos de pequeno formato en diferentes localizacións” do procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa “Vigo en festas” (9.660-335) coas seguintes condicións:

- a) O prezo máximo do lote é de 279.197,88 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 48.455,83 euros, cunha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para o lote 1 do 11 %.*
- b) Propón unha experiencia do/a coordinador/a de montaxe e produción de eventos en traballos de produción de espectáculos ou eventos similares a maiores do esixido no apartado 5F da FEC do PCAP (1 ano) de 12 anos.*
- c) Propón un incremento do número mínimo de horas de vixilantes uniformados esixido na cláusula 6.1.2.4 do PPTP para a realización de tarefas de vixilancia nos eventos das tipoloxías II e III (mínimo 8 horas) de 3 horas por xornada.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(512).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE TRASNOS BÉISBOL CLUB EN BASE Ó

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2022-2023. EXPTE. 22441/333.

Visto o informe xurídico do 16/06/2023 e o informe de fiscalización do 16/06/2023, dáse conta do informe-proposta do 09/06/2023 asinado polo técnico de Deportes, o xefe do servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 18.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4890012 a favor da entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2022-2023.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva TRASNOS BÉISBOL CLUB conta cun equipo de elite na modalidade de BÉISBOL na categoría 1ª División-Liga Nacional. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría 1ª División-Liga Nacional hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2022-2023, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

–O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.



Concello de Vigo

1. A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
 - O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- a) Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
 - Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
 - Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
 - Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
 - Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
 - Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal proponse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes

orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890012 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB durante a tempada deportiva 2022-2023 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2023.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial,



Concello de Vigo

ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva TRASNOS BÉISBOL CLUB para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2022-2023 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 18.000,00€ a favor da entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB co CIF: G27750645 e enderezo social en Cantabria, 210 (36206), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 22441-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.0012 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE TRASNOS BÉISBOL CLUB EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2022-2023 (EXPTE. 22441-333).

REUNIDOS

Dunha parte, D., como Concelleiro/a Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de)

Doutra, D. Fernando Manuel Rodríguez Villanueva como presidente da entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB CIF: G27750645 e enderezo social en Cantabria, 210 (36206), en Vigo, e

na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 22441/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB durante a tempada 2022-2023. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría 1ª División-Liga Nacional desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2022-2023.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Béisbol en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.



Concello de Vigo

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890012 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 18.000,00€, a favor da entidade deportiva TRASNOS BÉISBOL CLUB.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB na tempada deportiva 2022-2023.

VI.- Que a entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 22441-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o TRASNOS BÉISBOL CLUB conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Béisbol na tempada 2022-2023.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:



Concello de Vigo

1º.- Colaborar coa entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB unha subvención por importe de 18.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4890012 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadjuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2022-2023.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2022-2023 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2023 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si



Concello de Vigo

os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2022-2023. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2023 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os



Concello de Vigo

efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

O/A Concelleiro/a de Deportes

O Presidente do TRASNOS BÉISBOL CLUB

Asdo.: D.

Asdo. D. Fernando Manuel Rodríguez
Villanueva

4(513).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS “AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2023”.EXPTE. 19992/77.

Visto o informe de fiscalización do 26/06/2023, dáse conta do informe-proposta da mesma data asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a concelleira delegada da Área de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude e o concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Obxecto:

A Concellería de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego dando continuidade a súa actividade de fomento de emprego, como medida de apoio á posta en marcha de novos proxectos empresariais no municipio, desenvolve o programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2023, co obxecto de complementar as axudas de outras administracións e favorecer o desenvolvemento do Concello de Vigo.

II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a) nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde a Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece



Concello de Vigo

que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados; e sendo de especial relevancia o desenvolvemento da dimensión local da política de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

III. Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomas) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional constituídas no período comprendido entre o 1 de abril de 2022 e o 28 de febreiro de 2023 que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria que se achegan no expediente.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

IV. Finalidade:

Esta convocatoria pretende colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais outorgando especial atención á situación social das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo, dándose preferencia aos colectivos de atención prioritaria con maior dificultade de inserción no mundo laboral, e a creación de emprego, por conta propia ou allea, tal e como recolle a base 1.6 Criterios de avaliación.

Por outra banda, esta convocatoria segue a ser relevante coa finalidade de atenuar as secuelas derivadas da crise económica xerada polo COVID-19 e agravados polo actual contexto internacional e potenciar a actividade económica do municipio apoiando a dinamización e a continuidade da actividade empresarial e o mantemento do emprego.

V. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase, ao amparo do disposto nos parágrafos primeiro e terceiro do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no réxime de **concorrenza competitiva**. No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada a tal fin, a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, en función dos criterios de avaliación recollidos na base 1.6 e conforme aos principios de publicidade, transparencia, concorrenza, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

VI. Contido:

As bases reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da LXS e 14 da LSG, en canto ao obxecto, requisitos das beneficiarias, procedemento de concesión, criterios obxectivos de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de concesión así coma órganos competentes, composición do órgano colexiado, prazo e forma de xustificación. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.3 LXS e 5.2 LSG.

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto da anterior convocatoria son as seguintes:

- Na *base 1.2 Beneficiarias* se acorta o período de alta da nova actividade empresarial para facilitar a xustificación do cumprimento da finalidade da axuda que se conceda dentro do prazo establecido conforme ás normas do peche do exercicio orzamentario 2023.

- Na *base 1.5 Tipo, contía das axudas e gastos a subvencionar* se establece unha contía máxima da axuda de 3.000,00€. A contía da axuda resultará da subvención do 50% dos gastos da posta en marcha e funcionamento da empresa solicitante e, de ser o caso, do seu incremento segundo a situación social que acredite cada persoa promotora que cree o seu posto de traballo sempre que non exceda a contía total do investimento inicial subvencionable realizado e do límite máximo da axuda a conceder.



Concello de Vigo

A tal efecto se engade a frase *“Este incremento será acumulativo, considerando cada situación que resulte acreditada coa documentación presentada coa solicitude, de acordo coa seguinte táboa e conforme aos límites da axuda establecidos...”*.

- Tanto na *base 1.5* como na *base 1.6.1 Criterios de baremación das solicitudes*, no criterio 2º se incorpora o colectivo de persoas trans. Nesta base 1.61 se actualiza a redacción dos criterios 3 e 4 para a súa adaptación á normativa laboral.

- Na *base 1.6.2 Criterios para o outorgamento das axudas segundo o baremo*, para o caso de desempate na puntuación de baremo se modifica a orde dos criterios de desempate dando prioridade á puntuación segundo a situación social das persas promotoras que se autoempreguen.

- Na *base 4.2 Documentación* actualízase o seu contido segundo as novidades introducidas, se elimina o Anexo V substituíndose por unha declaración responsable, de ser o caso, ante a cantidade de solicitantes que na convocatoria anterior presentaron o dito anexo sen ser de aplicación.

- Na *base 10ª Crédito orzamentario* se engade un parágrafo relativo á posibilidade de ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria.

- Se actualizaron os anexos de conformidade coas novidades introducidas.

En xeral, realizáronse correccións e adaptacións nalgúns parágrafos para unha maior comprensión do texto e a correspondente actualización de datas.

VII. Normativa de aplicación:

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, de acordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2023 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2023, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIII. Contía total e crédito orzamentario:

Para a convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas 2023 destínase un importe total de 335.000,00€ (trescentos trinta e cinco mil euros), da partida orzamentaria 2410 470 00 01 denominada “Axudas á creación de empresas” do vixente orzamento do ano 2023.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, remitiuse o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

IX. Publicidade:

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Axudas municipais á creación de empresas” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org. Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org.

- Os modelos normalizados para a presentación das solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

X. Recursos:



Concello de Vigo

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

XI. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.*

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, nos termos das delegacións de competencias efectuadas na data do 19/06/2023, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o gasto por importe total de 335.000,00 € (trescentos trinta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700001 "Axudas á creación de empresas" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.

SEGUNDO. Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as Bases Reguladoras das Axudas Municipais á Creación de Empresas 2023, no ámbito dos programas de fomento do emprego, que se achegan no expediente.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria e as bases reguladoras da convocatoria das “Axudas Municipais á Creación de Empresas” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org); a publicación que determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos normalizados de solicitude facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(514).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA A REALIZACION DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCION DAS MULLERES NO ANO 2023. EXPTE 12030/224.

Visto o informe de fiscalización do 21/06/2023, dáse conta do informe-proposta do 23/06/2023 asinado pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e Comercio, a concelleira de Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e o concelleiro de Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2023 aprobou as Bases reguladoras e a convocatoria específica da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2023.

A cantidade máxima destinada a este programa é de 91.000,00 € (noventa e un mil euros) que se farán efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 2311.4890000 “Promoción da igualdade e do deporte feminino” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.



Concello de Vigo

A convocatoria e as bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Asemade, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia os días 14/03/2023 e 16/03/2023, respectivamente. O prazo de solicitudes comezou o día 17 de marzo e rematou o 31 de marzo de 2023.

Recibíronse solicitudes correspondentes a 57 entidades na sede electrónica do Concello de Vigo, presentadas polo procedemento e no prazo estipulado, tal e como establece a base décimo primeira, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas. Tras a revisión das solicitudes presentadas, solicitouse a documentación necesaria ás entidades que presentaron a solicitude incompleta. Todas as entidades achegaron a documentación solicitada. Segundo o estipulado na base sétima da convocatoria, a avaliación das solicitudes determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes segundo o estipulado na base quinta.

Toda vez que as Bases reguladoras da convocatoria establecen unha contía máxima de axuda a conceder por entidade beneficiaria de 3.000 € (apartado 2 da base oitava), as entidades solicitantes acreditaron estar ao corrente das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social e para co Concello de Vigo presentando unha declaración responsable (Anexo IV).

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por D^a Eugenia Blanco Iglesias, concelleira de Igualdade que actuou como presidenta, D^a Mar Soto García, axente de igualdade de oportunidades do Servizo de Igualdade, e D^a Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade, que ademais actuou como secretaria. A Comisión constituíuse o día 31 de maio de 2023 co obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme os criterios sinalados na base sétima da convocatoria (incorpórase ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade e dúas táboas: unha táboa que reflicte a puntuación outorgada a cada un dos proxectos, o valor dos puntos outorgados e o importe das axudas concedidas, e unha táboa co resumo das contías concedidas).

En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de subvencións de Galicia, maniféstase que da información que obra no poder da Concellería de Igualdade se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

En aplicación das Bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Conceder, con cargo á aplicación orzamentaria *“Promoción da igualdade e do deporte feminino”* 2311 4890000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, as subvencións ás entidades que se relacionan no anexo I deste acordo, para a realización dos proxectos desenvolvidos ao abeiro do *“Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou*

actividades de promoción das mulleres no ano 2023”, por un importe total de noventa mil novecentos noventa e oito con sesenta céntimos (90.998,70 €); constando no anexo I, que se incorpora, a relación de entidades, proxectos e contía das axudas concedidas.

2º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instrutor, que non son conformes coas bases reguladoras do programa:

a) Por renuncia expresa da súa solicitude, conforme co artigo 94.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas:

- Asociación veciñal socio cultural e deportiva San Miguel de Oia, con CIF: G36648640. Proxecto “Actividades de promoción da muller”. Expte. 12128-224. Presenta escrito asinado polo seu presidente en data 15.05.2023, con entrada no Rexistro Xeral Municipal na mesma data (nº doc 230139457), na que fai constar a renuncia da solicitude presentada en data 29.03.2023.
- Asociación Mulleres e palabras, con CIF: G01796184. Proxecto “Todas somos lilás. Sororidade é a nosa resposta”. Expte. 12158-224. Presenta escrito asinado pola súa presidenta en data 24.05.2023 con entrada no Rexistro Xeral Municipal na mesma data (nº doc 230145269), na que fai constar a renuncia da solicitude presentada en data 30.03.2023.

b) Porque a materia e contido do proxecto presentado coincide con programas municipais obxecto de contratación pola Concellería de Igualdade (apartado 2.e da base 5ª), e o proxecto realízase en centros de ensino onde se están a desenvolver programas municipais de igualdade e prevención da violencia de xénero (apartados 2.f da base 5ª):

- Fundación Formavigo, con CIF: G27753367. Proxecto “Rompendo barreiras na cidade de Vigo”. Expte. 12.146-224.

c) Porque se trata dunha solicitude presentada por un club ou entidade deportiva (apartado 2.a da base 5ª):

- Club Baile deportivo Pasos-Baile Galicia, con CIF: G27750371. Proxecto “Trofeo Cidade de Vigo”. Expte. 12.161-224

d) Porque, a xuízo da Comisión de Valoración, a materia do proxecto presentado non se axusta aos obxectivos da convocatoria (apartado 2.k da base quinta), e por considerar que o proxecto ten unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo (apartado 2.e da base 5ª):

- Asociación de Enfermas/os de Crohn y Colitis. Proxecto “Información, asesoramento, administración e traballo social”. Expte. 12187-224.
- Fundación Menela, con CIF: G36685964. Proxecto: “Máis talento. Recurso especializado na promoción das mulleres con TEA”. Expte. 12124-224.



Concello de Vigo

e) Porque, a xuízo da Comisión de Valoración e tal e como queda reflectido na acta de valoración de data 5 de xuño de 2023, o proxecto ten unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo e o obxecto da súa petición está incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo (apartado 2.e da base quinta); e porque se trata de proxectos que, para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo (apartado 2.d da base quinta):

- AECC. Asociación Española Contra o Cancro, con CIF: G28197564. Proxecto: “Moito por gañar: programa de modificación de hábitos e recuperación psicofísica”. Expte. 12.127-224.
- Down Vigo: Asociación para Síndrome de Down, con CIF: G36697324. Proxecto: “Muller: educación para a saúde”. Expte. 12.141-224.
- AFAGA. Asociación de familiares de enfermas/os de alzheimer, con CIF: G36776920. Proxecto: “Proxecto de fomento da corresponsabilidade na atención de persoas con alzheimer”. Expte. 12.174-224.

3º.- Publicar este acordo no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación.

4º.- Notificar o acordo ás persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: ENTIDADES, PROXECTOS E CONTÍAS CONCEDIDAS

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	PUNTOS CONCEDIDOS	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA
G36684991	ASOC. VECIÑAL AS FONTES DE LAVADORES	Vivir en Igualdade	36,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36619468	ASOC. DE MUJERES DORNA DE LA PARROQUIA DEL CRISTO DE LA VICTORIA DE VIGO	Vivir en Igualdade	41,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36820637	ASOC. GALLEGA AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO	Curso de pandeireteiras 2022-2023	18,00	2.901,06 €	1.742,34 €
G36648996	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA DE PARDAVILA	Vivir en Igualdade	36,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36628543	ASOC. CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS	Deseño de composicións e ornamentación do arranxo floral	18,00	3.000,00 €	1.742,34 €
G36810752	ASOC. DE MULLERES XESTAS	Arranxo floral, un taller contemporáneo	18,00	3.000,00 €	1.742,34 €
V36658680	CENTRO RECREATIVO E CULTURAL DE CABRAL VIGO	Pintura en tea	19,00	2.560,00 €	1.839,13 €
G36729796	ASOCIACIÓN VECIÑAL DA FEIRA DE CABRAL	Vivir en Igualdade	36,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36709004	ASOCIACIÓN VECIÑAL DOUTOR FLEMING	Un tempo de auto coidado	18,00	3.000,00 €	1.742,34 €
G15220577	ASOCIACIÓN GALEGA DE HEMOFILIA (AGADHEMO)	Igualhemos: xornada formativa para mulleres con coagulopatías	24,00	708,35 €	708,35 €
G27739861	ASOCIACIÓN CULTURAL TRASPÉS	As mulleres, memoria do patrimonio inmaterial	18,00	3.000,00 €	1.742,34 €
G27727593	ASOCIACIÓN ACCIÓN SOLIDARIA DE GALICIA (ASDE-GAL)	Mulleres sen límites e con moito que dicir-2023	22,00	2.535,00 €	2.129,52 €
G36648988	ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIÁNS	Cerámica de iniciación VI	11,00	1.200,00 €	1.064,77 €
G27826999	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA	Xornada "Soltando amarras"	31,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G27745397	FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO-FUN-DAMAR	IX Xornadas divulgativas sobre o papel da muller no sector pesqueiro e conserveiro	28,75	1.452,00 €	1.452,00 €
G36624120	APAMP, ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL	Grupo de mulleres coidadoras de APAMP	27,00	3.000,00 €	2.613,50 €

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	PUNTOS CONCEDIDOS	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA
G36861078	FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN	Proxecto Olimpia	26,00	1.029,00 €	1.029,00 €
G27718907	ASOCIACIÓN NÓS MESMAS	Orgullo crítico LGTBIQ+ Vigo 2023	41,50	3.000,00 €	3.000,00 €
G36649325	ASOCIACIÓN VECIÑAL DE SAN PEDRO DE SÁRDOMA O CARBALLO	Convivir en igualdade	35,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36659894	ASOCIACIÓN VECIÑAL SAN ROQUE	Manter en forma o estado físico e mental (Pilates)	16,00	3.000,00 €	1.548,74 €
G27852755	ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL AS DA INDUSTRIA	As da Industria construíndo redes feministas	34,00	2.544,28 €	2.544,28 €
G36964757	ASOCIACIÓN DE MUJERES VIUDAS DEMÓCRATAS EUROPEAS DE VIGO	Curso de pilates	15,00	980,10 €	980,10 €
G36998896	FUNDACIÓN CLUSTER CONSERVACIÓN PRODUCTOS DEL MAR	IX Xornadas divulgativas sobre o papel da muller no sector pesqueiro e conserveiro	28,75	1.452,00 €	1.452,00 €
G36895993	ASOCIACIÓN CULTURAL TRIANA DE VIGO	Curso de canto tradicional galego 2022-2023	18,00	3.000,00 €	1.742,34 €
G27832856	ASOCIACIÓN CULTURAL DA VILA DE BOUZAS	Arte-llando feminismos	26,00	2.700,00 €	2.516,70 €
G27746486	ASOCIACIÓN XARUMA	Espazo Nós Mesmas	26,00	1.960,00 €	1.960,00 €
G36380301	ADICAM ASOC. DIAGNOSTICADAS DE CANCRO DE MAMA	Promoción da saúde nas mulleres diagnosticadas de cancro 2023	28,50	3.000,00 €	2.758,69 €
G15103112	SINDICATO NACIONAL DE COMISIONES OBRERAS	Sindicalismo, educación e sociedade en clave feminista	31,00	2.400,00 €	2.400,00 €
G36617082	ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO VALLADARES	Ocúpate, consérvate e divértete (teñámonos en conta)	24,00	3.000,00 €	2.323,11 €
G36842284	ASOCIACIÓN VECIÑAL PLAZA DA MIÑOCA	Control del estrés desde la actividad física	24,00	1.125,00 €	1.125,00 €
G36791291	AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO	Crossfit e levantamento de pesas para mulleres	11,00	1.150,00 €	1.064,77 €
G36691855	ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E RECREATIVA SAN MAMEDE DE ZAMÁNS	Facendo arte coas mans	18,00	600,00 €	600,00 €
G36648608	ASOCIACIÓN VECIÑAL DE CONSUMIDORES E USUARIOS E CULTURAL EMILIO CRESPO DE NAVIA	Autoestima e control da ansiedade a través do baile e da xestión emocional	16,00	1.461,32 €	1.461,32 €

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	PUNTOS CONCEDIDOS	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA
G36817385	ESCOLA TEMPO LIBRE XARUMA	Coidados e masculinidades	23,00	2.343,66 €	2.226,31 €
G15383011	UNION GENERAL DE TRABAJADORES DE GALICIA	XXVII Encontro sindical da Muller Traballadora. Os plans de igualdade na negociación colectiva	28,00	3.000,00 €	2.710,30 €
G36655942	ASOC. VECIÑAL RÚAS E FONTES PARADA MACEIRIÑA	Clases de pilates para mulleres	12,00	3.000,00 €	1.161,56 €
G36928646	ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO	Conciencia e recreo emocional	34,25	1.955,28 €	1.955,28 €
G36654036	ASOCIACIÓN VECIÑAL DE SAN PEDRO DE MATAMÁ LA UNIÓN	Intelixencia emocional aplicada ao noso día a día	21,00	700,00 €	700,00 €
G36622835	ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO	Introducción al feminismo para personas sordas	22,00	330,00 €	330,00 €
G36706927	CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA CIG	Xornada "retos do sindicalismo feminista galego"	29,00	3.000,00 €	2.807,09 €
G36662971	ASOCIACIÓN DE MULLERES LÚA	Traballamos de cara a igualdade de oportunidades e a mellora da nosa calidade de vida	17,00	1.800,00 €	1.645,53 €
G36633618	ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES	Benvida	17,00	3.000,00 €	1.645,53 €
G36632081	ASOCIACIÓN VECIÑAL DE BEADE AVCU-CSCR	Taller de deseño de composicións e ornamentación do arranxo floral	18,00	1.037,50 €	1.037,50 €
G27712306	ASOCIACIÓN DE MULLERES EN IGUALDADE DE VIGO	+Ciencia en feminino	28,00	3.000,00 €	2.710,30 €
G36654184	ASOCIACIÓN VECIÑAL SOCIO CULTURAL E DEPORTIVA O FREIXO VALLADARES	Programa de promoción da igualdade no Freixo	31,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36802536	ASOCIACIÓN DE AYUDA A LA VIDA AYUVI	Programa Nós: Empoderamento, autocoidado e amor propio	15,00	1.500,00 €	1.451,94 €
G04965679	ASOCIACIÓN AS DA BOUZA	II Olimpíadas pola igualdade e mural mulleres olímpicas	18,00	3.000,00 €	1.742,34 €
G27771195	ASOCIACIÓN VECIÑAL NOVO VIGO	Coeducación, pensamento crítico e atención á diversidade	20,00	850,00 €	850,00 €
				TOTAL SUBVENCIONS	90.998,70 €



Concello de Vigo

6(515).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ENTIDADE “SALA ÁRTIKA S.L.” PARA O FINANCIAMENTO DA PROGRAMACIÓN DAS ARTES ESCÉNICAS, CAMPAÑA ESCOLAR DE XANEIRO A MAIO DO 2023. EXPTE. 4994/330.

Visto o informe xurídico 05/06/2023 e informe de fiscalización do 20/06/2023, dáse conta do informe-proposta do 30/05/2023 asinado polo xefe do servizo Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O día 22.05.2023, a entidade SALA ÁRTIKA S.L. (antes ÁRTIKA CB) presenta na sede electrónica do Concello escrito de solicitude de subvención para o financiamento da **PROGRAMACIÓN DAS ARTES ESCÉNICAS NA SALA ÁRTIKA, CAMPAÑA ESCOLAR DE XANEIRO A MAIO DO 2023.**

Según escrito de data 21 de decembro de 2022 que se inclúe no expediente, a entidade comunica o seguinte:

“Que a partir do próximo 1 de xaneiro de 2023, todos os dereitos e obrigacións das que sexa titular ÁRTIKA, C.B. se traspasan á SALA ÁRTIKA, S.L. con C.I.F. B-09.950.072 e enderezo en Av. Beiramar, 113, quen se fará cargo de toda a xestión da actividade cultural que leva a cabo a Sala Ártika, espazo cultural da nosa cidade.

Enténdanse traspasados e transferidos todos os expedientes, tanto de subvencións nominativas, presentes e futuras, licenzas pendentes, tributos e demais que correspondan.”

Por tanto, trátase dun traspaso de dereitos e obrigas que non supón ningún impedimento para a concesión da subvención nominativa que figura nos orzamentos municipais de 2023 a "SALA ARTIKA S.L.", xa que manteñen o mesmo obxecto social e realiza a mesma actividade obxecto da dita subvención; asímesmo figura como administradora a mesma persoa física que na comunidade de bens, Dona Fernanda Barrio Barcala. Neste sentido a nova entidade achega escritura de constitución da sociedade limitada e nomeamento de administrador, outorgada ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia D. José María Rueda Pérez o 23 de marzo do

2022 ao número 791 do seu protocolo, inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra o día 7 de abril do 2022, no tomo e libro 4400, folio 120, folla PO-69775, inscrición primeira; Achégase asímesmo novo CIF número B-09950072.

Por este motivo, o día 23.05.2022, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 6.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.03 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A entidade SALA ARTIKA S.L. (antes ARTIKA C.B.) xestiona dende o ano 2014 a SALA ÁRTIKA, un espazo adicado ás artes escénicas, que naceu co obxectivo de achegar o teatro a todos os cidadáns de Vigo, reivindicar as artes escénicas como opción de ocio e a creación de novos públicos.

A programación caracterízase por estar formado por un conxunto de espectáculos que abarcan diferentes artes escénicas como danza, monicreques, comedia musical, dramas, co obxectivo de que os nenos e maiores poidan apreciar os diferentes xéneros.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

LUGARES, DATAS E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Lugar: Sala Ártika

Datas:

DATA	COMPAÑÍAS - ESPECTÁCULO	COMUNIDADE	FUNCIONS
31/01/2023	FULANO MENGANO E CITANO – O XARDIN DE VILAGRIS	GALICIA	1
01/02/2023	FULANO MENGANO E CITANO – O XARDIN DE VILAGRIS	GALICIA	1
02/02/2023	FULANO MENGANO E CITANO – O XARDIN DE VILAGRIS	GALICIA	1
03/02/2023	FULANO MENGANO E CITANO – O XARDIN DE VILAGRIS	GALICIA	1
28/02/2023	PROD. TEATRAIS EXCENTRICAS - CARTOONS	GALICIA	1
01/03/2023	PROD. TEATRAIS EXCENTRICAS - CARTOONS	GALICIA	2
02/03/2023	PROD. TEATRAIS EXCENTRICAS - CARTOONS	GALICIA	2
09/03/2023	PROD. TEATRAIS EXCENTRICAS - PIROLITICOS	GALICIA	1
10/03/2023	PROD. TEATRAIS EXCENTRICAS - PIROLITICOS	GALICIA	1
13/03/2023	PROD. TEATRAIS EXCENTRICAS - PIROLITICOS	GALICIA	1
14/03/2023	PROD. TEATRAIS EXCENTRICAS - PIROLITICOS	GALICIA	1



Concello de Vigo

15/03/2023	PROD. TEATRAIS EXCENTRICAS - PIROLITICOS	GALICIA	1
16/03/2023	PROD. TEATRAIS EXCENTRICAS - PIROLITICOS	GALICIA	1
20/03/2023	TANXARINA TITERES – A CAZOLA DE LOLA	GALICIA	2
21/03/2023	INVENTI TEATRO – OS TRES PORQUIÑOS	GALICIA	1
22/03/2023	INVENTI TEATRO – OS TRES PORQUIÑOS	GALICIA	1
23/03/2023	INVENTI TEATRO – OS TRES PORQUIÑOS	GALICIA	1
			20

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa polo importe total de 6.382,83 € € (seis mil trescentos oitenta e dous euros con oitenta e tres céntimos) , dos que o Concello de Vigo achegará 6.000 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Escritura de constitución da nova sociedade e estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da nova conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade SALA ÁRTIKA S.L., rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á entidade SALA ÁRTIKA S.L. deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.



Concello de Vigo

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á entidade SALA ÁRTIKA S.L. ten como obxecto financiar a organización da Programación das Artes Escénicas na Sala Ártika, campaña escolar xaneiro a maio do 2023, figurando na aplicación **3340.470.00.03** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 6.000 €, a favor da entidade.

A subvención do Concello de Vigo á entidade SALA ÁRTIKA S.L. é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 6.000 € (seis mil euros) á entidade SALA ÁRTIKA S.L. CIF. B-09950072, para o financiamento da Programación das Artes Escénicas na Sala Ártika, Campaña Escolar xaneiro a maio do 2023, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o gasto con cargo á aplicación “CONVENIO SALA ARTIKA”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

- É de responsabilidade da Entidade :
- A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
- A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
 - Actuará como interlocutora única ante a CONCELLERÍA Dña. Fernanda Barrio Barcala, administradora da entidade
 - Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
 - Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
 - Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.



Concello de Vigo

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

–Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos ter contratado e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se puido producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

2. A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (6.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das **facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade e acreditar o pagamento efectivo dos gastos correspondentes** ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electróni-



Concello de Vigo

cos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 13 de novembro do 2023.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na

xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- **So se considerará gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, ademais das facturas terá que acreditarse documentalmente a realización do pagamento dos gastos. (art. 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 29.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia)**

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2023 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.



Concello de Vigo

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os

efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e



Concello de Vigo

garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(516).- APROBACIÓN DO PROXECTO DE “REPARACIÓN ESTRUCTURAL DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BOUZAS”. EXPTE. 6050/443.

Visto o informe de intervención do 19/06/2023, dáse conta do informe-proposta do 15/06/2023, asinado pola técnica de xestión, o técnico de administración xeral e xefe do servizo administrativo e control orzamentario e o concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Por parte da Concellería de Deportes remítese para a súa tramitación, proxecto de

“REPARACIÓN ESTRUCTURAL DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BOUZAS”, redactado polos Enxeñeiros Industriais, D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E NOVE MIL SEISCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON SETE CÉNTIMOS (59.677,07 €).

II.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 19.05.2023, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, e da delegación da Alcaldía-Presidencia de datas 18.06.2019 e 26.06.2019 na Concellería de Fomento da xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal e da xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación administrativa para a execución da obra pública, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- A actuación se desenrola nun edificio de titularidade municipal, ó Pavillón Polideportivo de Bouzas, sito na rúa Eduardo Cabello de Bouzas (Vigo).

O obxecto do proxecto de reparación é exclusivamente detallar as actuacións a realizar na estrutura de formigón prefabricado, armado ou pretensado, que cobren as pistas polideportivas, sen incorporar neste proxecto a cuberta dos vestiarios, aseos e ximnasio ou outras instalacións do resto do edificio.

Tamén é obxecto deste proxecto a estrutura metálica de aceiro laminado ligada ao prefabricado para arriostamento dos paneis prefabricados de fachada e de arriostamento lateral das vigas peraltadas da cuberta. Ademais, inclúese a reparación e impermeabilización do canalón de recollida de auga na cuberta dado que é a orixe da maioría das patoloxías detectadas.

As obras a executar enuméranse a seguir:

- **PIARES PREFABRICADOS**

Saneamento da superficie dos piares de apoio da cuberta das pistas do Pavillón polideportivo, mediante serra circular con prato abrasivo para eliminar as pinturas ou suciedades depositadas nas caras do piar. A actuación realizarase a toda a superficie vista do piar. Nas zonas onde o piar atópase en contacto co cerramento ou a bancada non será necesario o repicado desta zona de contacto, a expensas de que se vixie o afectado pola corrosión da armadura das esquinas. Revisaranse con detemento as catro esquinas do piar, golpeando con martelo o formigón para determinar se hai afeccións ocultas.

Sanear as armaduras corrugadas con cepillo de púas metálicas ou serra circular.

Aplicar á superficie do piar e á superficie das barras corrugadas que se atopan á vista, un produto pasivador do aceiro e que sexa ponte de adherencia co formigón do piar, conforme



Concello de Vigo

as condicións de aplicación da ficha técnica do produto.

En caso de perda por corrosión da sección de armadura do piar, en máis do 15% da sección de aceiro, deberase incorporar unha armadura adicional soldada á existentes. Colocarase unha barra de aceiro corrugado de calidade B500S de diámetro mínimo 10mm, que complete a sección de aceiro existente. Conectarase por soldeo á barra corrugada a ambos lados da zona afectada.

Rexenerar a sección do piar se fose necesario, con morteiro, conforme as condicións de aplicación da ficha técnica do produto.

Aplicar a toda a superficie do piar un inhibidor de corrosión para dar protección ás armaduras corrugadas, mesmo nas zonas onde o aceiro non sufriu ou demostrou unha corrosión.

Como capa final de acabado do formigón do piar aplicarase á totalidade da superficie vista do piar, un produto como capa de protección fronte á carbonatación, a humidade e os cloruros.

• VIGAS PREFABRICADAS

Saneo da totalidade de superficie vista das vigas, nunha lonxitude de aproximadamente 1 m dende cada extremo da viga, mediante serra circular con prato abrasivo para eliminar as pinturas ou sucidades depositadas.

Rexenerar a sección saneada que presente perda de sección. Nos apoios de correas, que presenten escantilladas as esquinas das vigas principais, poñendo en risco a fixación da propia correa, deberase rexenerar a sección de formigón. Considérase unha situación non admisible cando a perda de sección prodúcese a unha distancia inferior a 50 mm da posición da ancoraxe.

Aplicar á superficie das vigas, na zona saneada, un inhibidor de corrosión de protección ao aceiro pretensado e corrugado.

Como capa final de acabado do forxado prefabricado aplicarase, á totalidade da superficie vista do piar, un produto como capa de protección fronte á carbonatación, a humidade e os cloruros.

• ACEIRO LAMINADO

Saneo da totalidade do aceiro laminado que forman as orejetas de arriostramento das vigas, determinar a perda de sección real de aceiro. En caso necesario suplementar con pletinas os perfís de aceiro que sufrisen unha perda significativa e, por motivo desta, atópense cunha seguridade estrutural inadecuada. Hase de alcanzar un nivel de saneo Sa 2 1/2 ou St3.

Actuarase de igual forma cos carrís embebidos nos paneis prefabricados, os angulares de conexión e a tornillería que os fixa.

Sanearanse as barras roscadas de conexión aos piares, repoñendo no seu caso as non colocadas ou as que presenten defecto de entrega nas tuercas.

Unha vez saneada e reforzada a estrutura de aceiro laminado, no caso de que fose necesario, aplicarase unha protección á mesma.

• CANALÓN DE CUBERTA

Realizarase un desmonte das pezas metálicas que solapan a cuberta sobre o canalón, co fin

de facilitar os traballos de limpeza e impermeabilización da cara exterior do canalón actual. Realizarase unha limpeza profunda dos detritus e superficie exterior do canalón e posteriormente, aplicarase un tratamento rexenerador da superficie e unha membrana líquida de impermeabilización.

Repararanse ou substituirán as xuntas de estanquidade de conexión das baixantes e as jalas de protección da baixante.

Realizarase unha proba de estanquidade e finalmente, repoñeranse os elementos metálicos de solape.

Se fose necesario, repoñeranse a espuma de poliuretano existente entre a xunta do canalón e a cuberta.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (OITO) 8 semanas.”

IV.- A Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 12.06.2023 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

O proxecto de reparación realízase nun edificio existente, en solo urbano consolidado, de uso dotacional público, segundo ou PXOU/93. Non modifica as condicións volumétricas, nin os usos, nin a ocupación ou a actividade do edificio, por tanto, considérase que, ao ser unha mellora da envolvente de cuberta e unha obra de reparación dos elementos estruturais, cúmprense as condicións urbanísticas.

CONCLUSIÓN

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse axeitados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión,



Concello de Vigo

aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de “REPARACIÓN ESTRUCTURAL DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BOUZAS”, redactado polos Enxeñeiros Industriais, D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E NOVE MIL SEISCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON SETE CÉNTIMOS (59.677,07 EUROS) e de data da sinatura dixital 19 de maio de 2023.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(517).- SUSPENSIÓN PARCIAL E TEMPORAL DO DESCANSO OBRIGATORIO DOS SERVIZO DE TAXI DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 4266/449.

Dáse conta do informe-proposta do 26/06/2023, asinado pola xefa do servizo de Transportes, e o concelleiro de Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Por acordo plenario de data 6 de setembro de 2010 aprobouse a disposición complementaria para a regulación de quendas de descanso no sector do taxi fixándose o descanso de 92 taxis por día de forma rotatoria de luns a domingo de 00,00 a 24,00 horas por un período de proba de tres meses. Dita medida é provocada polo situación de crise e diminución de traballo do sector.

Por acordo plenario de data 31 de xaneiro de 2011 foi aprobada a prorroga do descanso obrigatorio dos taxis da cidade, aprobado inicialmente por un período de tres meses e nas mesmas condicións, acordo que se mantén en vigor até a data.

SOLICITUDES:

Na data 14 de xuño de 2023 D. Emilio Mosquera Rodríguez, como Presidente da Xunta Directiva da ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AUTOPATRONOS DEL TAXI DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (C.I.F. G-36636637), e en representación da mesma, expón:

“Que es responsabilidad de nuestro colectivo garantizar una adecuada prestación del servicio de taxi en cuanto a cantidad y calidad.

Que para el verano se prevé un aumento de la demanda sobre todo en horario nocturno y debido a las fiestas, conciertos y eventos programados.

Por tal motivo, y a fin de solucionar y anticiparnos a que la oferta de servicio sea inferior a la demanda, proponemos que con carácter provisional se suspenda el descanso obligatorio en el horario comprendido entre las 22:00 y las 06:00 horas.”

Na data 15 de xuño de 2023 a Asociación Élite Taxi Vigo (CIF G27844935), representada polo seu secretario Adrián Rodríguez Benítez con DNI 39455465T, expón :

“Como bien saben en su departamento estamos teniendo muchas dificultades para cubrir la demanda de servicios las noches y los fines de semana con los vehículos que disponemos en este momento,

principalmente por la falta de conductores. A día de hoy se esa produciendo un aumento de la demanda y se aproxima los conciertos de castrelos y las vacaciones de verano con aumento del turismo y movimiento nocturno.



Concello de Vigo

Es necesario aumentar los taxis disponibles que refuercen el servicio a la salida de las playas, traslados a los conciertos y eventos principalmente nocturnos.

Consideramos que es necesaria una liberación en horario de tarde noche que refuerce ese horario y manteniendo el descanso durante el día, garantizando así que el refuerzo solo es en el horario necesario y no en todo el día. si se libera todo el día los taxis aprovecharán las mañanas y nos encontraremos la misma carencia actual durante las tardes y noches.”

E solicitan “ la suspensión temporal y parcial en horario de 20:00 a 08:00 de los días de descanso durante el periodo de verano desde el jueves 22 de junio al domingo 3 de septiembre, aprovechando así el periodo vacacional escolar.”

INFORME :

Nos últimos anos e dende a pandemia produxéronse importantes variacións en relación coa demanda do servizo de taxis na cidade, pasando dunha escasa demanda durante os anos 2020 e 2021, a un incremento da demanda durante o ano 2022 .

Esta demanda aumentou notablemente nas festas de Nadal, polo que foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso até o 15 de xaneiro en horario nocturno, sen que se apreciase exceso na oferta; durante os días 31 de marzo e 1 e 2 de abril datas coincidentes coa celebración da festa da Reconquista, tamén se produzo un importante incremento da demanda, datas nas que foron presentadas denuncias pola falta de servizo, especialmente en horario nocturno.

Na actualidade apreciase unha importante demanda do servizo de taxis no horario nocturno, superior a oferta, debido principalmente ao descanso obrigatorio de 92 taxis cada día, o que implica que non poda satisfacerse a totalidade da demanda

En relación coa época estival que se inicia, e previsible que o incremento da demanda do servizo de taxis sexa superior, especialmente no citado horario nocturno, debido a que se trata de un período de vacacións no cal se incrementa o ocio nocturno, xa que proliferan as festas populares, concertos, e demais eventos programados, como o Marisquiño que no presente ano celebrárase en gran parte na praia de Samil.

Ante este previsible incremento da demanda, o Concello ten a obriga de garantir a cantidade e calidade do servizo de taxi, polo que se considera que procede adoptar medidas por parte do servizo de transportes, a fin de garantir que durante as 24 horas do día o servizo sexa suficiente para satisfacer a demanda, e evitar que esta sexa superior á oferta, cos prexuízos que poderían derivarse para os usuarios de transporte público da cidade.

A solicitude de suspensión temporal e parcial do descanso obrigatorio foi solicitada polas duass asociacións representativas do sector a fin de poder

garantir a satisfacción da demanda e evitar as queixas sobre a calidade do servizo.

En canto ao horario de suspensión, comprobouse que as queixas en relación co servizo se producen en horario nocturno, e considerando que o cambio da tarifa 1 a tarifa 2 se realiza as 22:00 horas, propónse que sexa a partir desa hora cando se autorice a suspensión podendo mantelo até as 06:00 horas.

En canto as datas de suspensión, propónse que se inicie a partir do día seguinte da adopción do acordo de suspensión que coincidirá co inicio do mes de xullo e ate o domingo día 3 de setembro de 2023.

Polo exposto, por parte de este servizo propónse informar favorablemente ao amparo da regulación legal recollida no artigo 39 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo, a solicitude formulada pola Asociación provincial de autopatronos del taxi da la provincia de Pontevedra, na data 14 de xuño de 2023 e pola Asociación Élite Taxi Vigo, na data 15 de xuño de 2023 e acordar a suspensión parcial temporal, do descanso obrigatorio do servizo de taxi da cidade, dende a data adopción do acordo de suspensión e ate o domingo día 3 de setembro de 2023 a fin de poder satisfacer o previsible aumento da demanda derivada do inicio da época estival e o incremento do ocio nocturno que se produce habitualmente nestas datas.

RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN :

De conformidade co disposto no artigo 39 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo aprobada na data 9 de febreiro de 2015, e modificada nas datas 5 de setembro de 2018 e 30 de marzo de 2022: “Cando concorran situacións excepcionais que impliquen una importante diminución ou incremento da demanda perfectamente xustificada e provisional no tempo, que poida afectar as condicións de prestación do servizo en relación coa rendibilidade do mesmo, e que non se trate dunha proposta que de lugar a unha modificación permanente do sistema de descansos, pode estudarse unha modificación provisional do réxime de descanso. A proposta pode ser á solicitude das asociacións representativas do sector acreditando o apoio a iniciativa, dunha maioría absoluta das licenzas de taxi existentes.

De conformidade co disposto na vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi, no seu artigo 4 apartado b establece que:) a competencia para a aprobación das disposicións complementarias de prestación do servizo corresponde a Xunta de Goberno Local, polo que considerando que o descanso obrigatorio para o sector do taxi, foi aprobado por unha disposición complementaria da ordenanza reguladora do servizo, considerase que no presente caso, por tratarse dunha suspensión parcial e temporal dunha

duración de dous meses do contido da mesma, corresponde adoptar o Acordo ao mesmo órgano que ten a competencia para a súa aprobación .



Concello de Vigo

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte :

ACORDO

Autorizar a suspensión con carácter parcial e temporal, solicitada pola Asociación provincial de autopatronos del taxi da provincia de Pontevedra, na data 14 de xuño de 2023 e pola Asociación Élite Taxi Vigo, na data 15 de xuño de 2023, do réxime de descanso obrigatorio dos taxis da cidade aprobado na data 31 de xaneiro de 2011, no horario comprendido entre as 22:00 e as 08:00 horas, e no período comprendido entre o día seguinte da data de aprobación e notificación deste acordo ás asociacións representativas do sector, e até o 3 de setembro de 2023 incluído, ao obxecto de que poida satisfacerse o previsible incremento da demanda existente, e manter a calidade do servizo de taxis.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana para o deseño, execución e financiación das obras de adecuación e mellora da Avenida de Madrid. Expte. 1717/441.
- .- Fixación de prezos de venda de entradas da programación de espectáculos que se realizarán no Auditorio de Castrelos nos meses de xullo e agosto de 2023. expte. 9759/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fóra da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

9(518).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDADE E AXENDA URBANA PARA O DISEÑO, EXECUCIÓN E FINANCIACIÓN DAS OBRAS DE ADECUACIÓN E MELLORA DA AVENIDA DE MADRID . EXPTE. 1717/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 29/06/2023, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo técnico de administración xeral e xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe dos servizos xurídicos da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Area de goberno de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data 03.06.2016 a Xunta de Goberno Local acordou, entre outros, Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Ministerio de Fomento para o deseño, execución e o financiamento de obras de adecuación e mellora da Avenida de Madrid (Autovía A-55 entre os PP.KK. 0+000 e 2+370), sendo posteriormente formalizado por ambas administracións.

II.- Por parte do Ministerio procedeuse á redacción e tramitación do proxecto de execución das referidas obras. No proceso de redacción do proxecto pola comisión de seguimento do referido convenio de data 15.12.2022 acordouse polos seus membros a tramitación dun novo convenio que permita a execución das devanditas obras, e vista a intención por parte do Concello de Vigo e do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana de proceder á sinatura dun novo Convenio de Colaboración para o deseño, execución e financiamento das obras de adecuación e mellora da Avenida de Madrid (autovía A-55, entre os PPKK 0+000 e 2+370), toda vez que á vista do tempo transcorrido a vixencia do convenio actual finaliza o 31.12.2022, non sendo posible prorrogar o mesmo máis alá de xuño de 2024, tempo insuficiente para a licitación e execución da actuación, así como a aparición de novas necesidades como o incremento dos prezos dos materiais, o que supón un incremento do custe da obra e por tanto do importe total da actuación.

III.- Consta no expediente memoria xustificativa do servizo asinada con 27.06.2023 na que xustifica o interese xeral a convenciencia na concertación do convenio así como a sostenibilidade financeira do mesmo.

